

hai 3 días | [Cultura](#)

Xabier P. DoCampo, escritor na súa terra

Redacción | [@prazapublica](#)

[Xabier P. DoCampo](#), coruñés de adopción, naceu "chairego e fillo de chairegos" o 5 de abril de 1946 en Rábade, pero **aos poucos meses foi vivir a Castro de Ribeiras de Lea, onde residiu até a adolescencia**. Mais Docampo nunca perdeu a relación coa Terra Cha, e alí, en Castro de Ribeiras de Lea, recibiu este sábado a homenaxe que lle tributou a [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#). De feito, o propio Docampo ten escrito que *"Os meus primeiros recordos, aquelas lembranzas que se escribiron no meu corazón coma as gozosas cicatrices dun ferro quente, son dun pai muiñeiro, coa pucha enfariñada. Aquel muiño na beira do Lea que daba voltas mentres meu pai ía baleirando sacos de trigo subido ao alto"*.

A homenaxe de *O Escritor na súa Terra*, aprobada por unanimidade pola asemblea da AELG, quere ser unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado cobra un protagonismo fundamental. Os actos comezaron co descubrimento dun *Monólito* conmemorativo e a plantación dunha árbore escollida polo autor (unha cerdeira), nun acto no que interviron Cesáreo Sánchez (presidente da AELG), Mercedes Queixas (secretaria da Asociación), Mario Outeiro (en representación da Deputación de Lugo) e os alcaldes de Rábade e Castro de Rei. **A seguir, procedeuse ao descubrimento da placa que atribúe o nome do homenaxeado a unha avenida (dende agora Avenida Xabier P. DoCampo).**

Finalmente, fíxoselle entrega do galardón *Letra E* de escritor/a (unha peza escultórica de Silverio Rivas), **acompañada dunha *laudatio a cargo de Agustín Fernández Paz, que foi respondida polo homenaxeado***. Os actos pecháronse cun *Xantar de confraternidade*.

Xabier P. DoCampo

Traballou como mestre en varios colexios e durante oito anos en Preescolar na Casa, sempre relacionado cos movementos de renovación pedagóxica e *Nova*

Escola Galega. Pertenceu tamén ao Consello de Redacción da *Revista Galega de Educación* e participou na creación da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), pertencendo cinco anos á súa xunta directiva, dous deles como presidente. Ten recibido numerosos galardóns, coma o *Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil* 1995 ou o *White Ravens* 1997. Entre as súas obras destacan *Cando petan na porta pola noite*, *Bolboretas*, *O libro das viaxes imaxinarias* ou *A illa de todas as illas*.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

LETRA G ▼

Martes 6, Novembro 2012 | [Cultura](#) |

[“A democracia, neste momento, está nas rúas”](#)